

UNHA UNIDADE MÓBIL DE ADOS E OS BOLECHAS ACHEGARÁN AOS ESCOLARES GALEGOS A IMPORTANCIA DA DOAZÓN DE SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue reforza o programa “Mensaxeiros Solidarios” coa rotulación dunha unidade móbil de doazón de sangue que se achegará aos centros escolares de toda Galicia

Santiago, 20 de febreiro de 2020.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) reforza o programa educativo “Mensaxeiros Solidarios” coa rotulación dunha unidade móbil cos debuxos do libro “Papá Bolechas Doa Sangue” que, desde hai anos, promove unha primeira toma de contacto co solidario xesto da doazón de sangue dos escolares do último curso de educación infantil e primeiro de educación primaria. Grazas a posta en marcha deste vehículo, os escolares poderán coñecer como é e cómo funciona unha unidade móbil de doazón de sangue real, coñecendo as distintas fases que implica un proceso de doazón.

Mensaxeiros solidarios

Esta unidade móbil reforza o programa “Mensaxeiros Solidarios” que, mediante a difusión do conto “Papá Bolechas Doa Sangue” e o seu correspondente caderno de actividades, permite aos estudantes máis novos traballar o tema da doazón dentro da aula e converte aos nenos e nenas en mensaxeiros, nos seus propios fogares, da importancia deste xesto solidario.

A campaña “Mensaxeiros Solidarios” complétase co desprazamento, nas xornadas inmediatamente posteriores ao traballo do alumnado na aula sobre a doazón de sangue e distribución de material informativo entre os escolares para que acheguen aos seus domicilios, co desprazamento dunha unidade móbil de ADOS para desenvolver unha campaña de doazón na que poden participar todos os membros da comunidade educativa que reunan os requisitos necesarios para doar sangue (pais, nais, docentes,.....).

Obxectivo e resultados

No pasado ano 2019, ADOS desenvolveu o programa “Mensaxeiros Solidario” nun total de 318 centros educativos de toda Galicia y o obxectivo para o presente ano, pasa por achegarse ata 400 centros escolares, distribuindo máis de 23.000 contos e cardernos entre os estudantes, así como a realización dunhas 240 campañas de doazón en unidade móbil.

ADOS quere amosar o seu agradecemento a todos os membros da comunidade educativa galega pola súa participación e compromiso co programa “Mensaxeiros Solidarios” e coa doazón de sangue, xa que posibilita un mellor coñecemento por parte dos estudantes galegos da importancia desde xesto solidario que permite salvar vidas e contribúe a fomentar unha conciencia solidaria favorable á doazón.

SAÚDOS,

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE